

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

11128 Orde TEC/813/2019, do 24 de xullo, sobre as tarifas da área española do Rexistro da Unión no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

O Rexistro da Unión ten por obxecto levar conta exacta da expedición, da titularidade, da transferencia e da cancelación de dereitos de emisión. Estes obxectivos establecéronse coa dobre función de garantir a contabilidade para dar cumprimento ás obrigas no marco do Protocolo de Quioto da Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático, adoptado con data do 11 de decembro de 1997 e ratificado o día 10 de maio de 2002 mediante o instrumento de ratificación da Convención marco de Nacións Unidas sobre o cambio climático, e asegurar o correcto funcionamento do réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Unión Europea, en diante RCDE da UE.

O Rexistro da Unión encóntrase actualmente regulado no ámbito da Unión Europea pola Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, e polo Regulamento (UE) n.º 389/2013 da Comisión, do 2 de maio de 2013, polo que se establece o Rexistro da Unión de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello e as decisións n.º 280/2004/CE e n.º 406/2009/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (UE) n.º 920/2010 e n.º 1193/2011 da Comisión.

En España, a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, e o Real decreto 1264/2005, do 21 de outubro, polo que se regula a organización e funcionamento do Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión, conteñen a maior parte das disposicións relativas ao rexistro.

O sistema de rexistros na Unión Europea sufriu importantes modificacións como consecuencia dos cambios na normativa da Unión Europea, evolucionando desde un enfoque descentralizado baseado en rexistros nacionais cara a outro centralizado en que todos os Estados membros comparten unha única infraestrutura: o Rexistro da Unión, regulado polo Regulamento (UE) n.º 389/2013 da Comisión, do 2 de maio de 2013.

A pesar deste proceso de centralización, a responsabilidade sobre a xestión das contas que se aloxan no Rexistro da Unión segue correspondendo ás autoridades competentes nacionais. Cada Estado membro é responsable dunha área dentro do Rexistro da Unión, composta polas contas establecidas no marco do RCDE da UE, cuxa xestión lle estea atribuída, así como as contas que integran o seu rexistro establecido no marco do Protocolo de Quioto, consolidado na plataforma común.

Por tanto, neste rexistro, establecido para o período de comercio 2013-2020 e para os períodos posteriores, lévase a contabilidade de todas as unidades de emisión relativas ao RCDE da UE e ao Protocolo de Quioto.

A Lei 1/2005, do 9 de marzo, establece no seu capítulo VII o réxime xurídico do Rexistro de Unidades de Emisión, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) n.º 389/2013 da Comisión, do 2 de maio de 2013. En desenvolvemento do establecido na citada Lei 1/2005, do 9 de marzo, as normas básicas que deben rexer a organización e funcionamento do Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión (Renade) están reguladas no Real decreto 1264/2005, do 21 de outubro.

A Orde MAM/1445/2006, do 9 de maio, sobre tarifas do Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión, modificada pola Orde ARM/568/2011, do 10 de marzo, regulou inicialmente as tarifas autorizadas que se debían aplicar ao entón Rexistro Nacional de Dereitos de

Emisión (Renade), e desenvolvía determinados aspectos relacionados coa súa devindicación, o seu pagamento e o seu cobramento. Os cambios acontecidos na estrutura e xestión das contas aloxadas no sistema de rexistros da Unión Europea, producida polo proceso de consolidación dos rexistros nacionais ao Rexistro da Unión, obrigaron a revisar a regulación das tarifas que se van aplicar na área española do Rexistro da Unión, a través da Orde AAA/351/2013, do 27 de febreiro, sobre tarifas da área española do Rexistro da Unión Europea no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, regulación vixente ata a actualidade.

Como modelo de contraprestación económica dos servizos prestados pola entidade encargada do mantemento da área española do Rexistro da Unión as ditas regulacións establecían a devindicación dunha tarifa. Neste sentido, a tarifa tería unha natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. En efecto, e tal como avala a doutrina da recente Sentenza do Tribunal Constitucional 63/2019, do 9 de maio, a tarifa non ten como finalidade principal financiar a actuación da Administración, senón a xestión do servizo, de acordo cos criterios de eficiencia e de economía. Ademais, a prestación do servizo non comporta, en ningún caso, o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos. Polo contrario, os aspectos da actividade vinculados ao exercicio da autoridade quedan estritamente vinculados á actuación da Oficina Española de Cambio Climático.

A Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, foi modificada pola Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, co obxecto de intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como pola Decisión (UE) 2015/1814. Esta norma introduce importantes modificacións no RCDE da UE, para o período de comercio 2021-2030, as cales afectan, entre outras cuestións, a estruturación do sistema de rexistros da Unión Europea e as súas regras de operación e administración.

Como consecuencia da modificación da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, o Regulamento (UE) n.º 389/2013 da Comisión, do 2 de maio de 2013, foi modificado mediante o Regulamento delegado (UE) 2019/1122 da Comisión, do 12 de marzo de 2019, que completa a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao funcionamento do Rexistro da Unión, en que se adaptan as regras de operación e funcionamento do Rexistro da Unión aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2021, pero que necesitarán da súa implementación técnica a partir de 2020.

Os cambios máis relevantes do sistema de rexistros que se van producir son, en primeiro lugar, a incorporación de medidas de simplificación na xestión e na operación das contas e os seus representantes autorizados, e que foron propostas polos distintos administradores nacionais dos Estados membros da Unión con base na experiencia práctica adquirida na operación do Rexistro durante o período de comercio de dereitos de emisión 2013-2020.

En segundo lugar, o Regulamento delegado (UE) 2019/1122 da Comisión, do 12 de marzo de 2019, incorpora novos requisitos na xestión das contas derivados da consideración dos dereitos de emisión como instrumentos financeiros e en aplicación da normativa europea relativa aos mercados financeiros (Directiva 2014/65/EU do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE, e Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo aos mercados de instrumentos financeiros e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012), á regulación de abuso de mercado (Regulamento (UE) n.º 596/2014

do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre o abuso de mercado –Regulamento sobre abuso de mercado– e polo que se derrogan a Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e as directivas 2003/124/CE, 2003/125/CE e 2004/72/CE da Comisión, texto pertinente para efectos do EEE), así como á normativa sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores (Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 19 de maio de 1998 sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores). Así mesmo, o dito regulamento delegado tamén modifica o Regulamento (UE) n.º 389/2013 da Comisión, do 2 de maio de 2013, con carácter de aplicación a partir da súa entrada en vigor, no relativo ás regras para o tratamento dos datos persoais de acordo co Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE).

Por último, o Regulamento delegado (UE) 2019/1122 da Comisión, do 12 de marzo de 2019, introduce novas regras para o uso de dereitos de emisión e créditos internacionais no marco do período 2021-2030.

O artigo 111.2 do Regulamento (UE) n.º 389/2013, do 2 de maio, así como o artigo 81.2 do Regulamento delegado (UE) 2019/1122 da Comisión, do 12 de marzo de 2019, habilitan os administradores nacionais a lles cobraren tarifas razoables aos titulares das contas que administren, do mesmo modo que xa o facía a anterior normativa comunitaria de rexistros.

Neste contexto cómpre revisar a regulación das tarifas, en primeiro lugar, polos cambios acaecidos pola modificación da normativa comunitaria citada anteriormente, que contén un paquete de medidas de simplificación para a xestión e o mantemento das contas aloxadas no Rexistro da Unión, por parte dos administradores nacionais. Estes cambios afectan fundamentalmente a definición de novos estados de contas, a fusión dos tipos de contas de haberes de persoa física coas contas de comercio e novos requisitos de apertura de conta.

Así mesmo, a experiencia e a mellora continuada nos procedementos administrativos relacionados coa xestión e co mantemento das contas aloxadas na área española do Rexistro da Unión durante os primeiros seis anos do período 2013-2020 conduciron a unha maior eficiencia na utilización dos recursos asociados, o que permite abordar unha redución das cargas económicas a todas as instalacións e operadores aéreos suxeitos a obrigas polo comercio de dereitos de emisión. Así mesmo, estas melloras aconsellan que a revisión do esquema de tarifas se poida aplicar con anterioridade á entrada en vigor das novas regras para o período de comercio 2021-2030.

Con este obxectivo, na determinación e alcance das tarifas tívose en conta o impacto que as medidas de simplificación supoñen ao respecto das funcións dos administradores nacionais, no relativo aos aspectos de cumprimento de obrigas de información pública, á prestación de servizos de atención aos usuarios e, especialmente, á comprobación e xestión da documentación requirida para a apertura e o mantemento dos distintos tipos de conta. Neste último aspecto convén destacar que as medidas prevén varios mecanismos de coordinación entre as distintas autoridades competentes co fin de facilitar a comprobación dos requisitos de apertura de contas. Polo contrario, pódese considerar moito menor o impacto das medidas de simplificación nos aspectos relacionados coa xestión do soporte informático que serve de base ao Rexistro e os cambios nos procedementos de xestión dos procesos asociados ao mantemento das contas aloxadas no Rexistro da Unión.

En segundo lugar, a experiencia adquirida na xestión das contas durante os primeiros seis anos do período 2013-2020 pon de manifesto a conveniencia e posibilidade de aliñar en certa medida as tarifas asociadas á xestión e ao mantemento das contas dos pequenos emisores á situación das instalacións excluídas do RCDE da UE para o período 2013-2020

en aplicación da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo. Por esta razón, é oportuno adecuar os importes das tarifas de mantemento das contas de instalacións que son pequenos emisores e se manteñen dentro do RCDE da UE, co obxecto de reducir, na medida do posible, a carga administrativa ás pemes, que na maioría dos casos son titulares desta tipoloxía de instalacións.

Neste contexto, esta orde ministerial ten por obxecto autorizar as tarifas que vai aplicar o administrador nacional do Rexistro, así como desenvolver determinados aspectos relacionados coa súa devindicación e co seu pagamento. Incluíronse nesta orde ministerial previsións relativas á autorización das tarifas e ao seu cobramento, a enumeración das contas excluídas do ámbito de aplicación da dita orde ministerial, a vixencia temporal das tarifas, así como as consecuencias derivadas do seu impagamento. Por último, establécese a periodicidade de información da aplicación do réxime tarifario.

O contido desta orde ministerial axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, de acordo co principio de necesidade, esta norma xustifícase na necesidade de actualizar as tarifas, para permitir a súa aplicación desde o 1 de xaneiro 2020, de forma que a súa redución proposta se leve a cabo o antes posible. De acordo co principio de eficacia, esta norma resulta eficaz no sentido de que permite concretar o réxime tarifario de maneira inmediata e con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento delegado (UE) 2019/1122 da Comisión, do 12 de marzo de 2019.

Cúmprese, ademais, o principio de proporcionalidade, xa que a regulación se limita ao mínimo imprescindible para adaptar o actual esquema das tarifas ás novas regras de aplicación para o período 2021-2030, e abórdase a redución da contía dos importes aplicables ás operacións previstas actualmente na Orde AAA/351/2013, do 27 de febreiro.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerceuse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento, a súa comprensión e a súa aplicación e, en consecuencia, a actuación e a toma de decisións das persoas e empresas suxeitas ao dito marco.

En aplicación do principio de eficiencia, a consecución dos fins descritos na norma non comporta cargas administrativas, dentro do marco do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea.

En aplicación do principio de transparencia, durante a tramitación desta orde realizouse o trámite de audiencia e de información públicas, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Esta orde ministerial dítase en virtude da habilitación para o desenvolvemento regulamentario que establece a disposición derradeira segunda do Real decreto 1264/2005, do 21 de outubro.

A orde ministerial dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do medio natural, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Autorización das tarifas.*

Autorízanse as tarifas pola xestión da área española do Rexistro da Unión que constan no anexo desta orde ministerial, para a súa aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, e no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, de conformidade co previsto no artigo 111 do Regulamento (UE) n.º 389/2013 da Comisión, do 2 de maio de 2013, polo que se establece o Rexistro da Unión de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello e as decisións n.º 280/2004/CE e

n.º 406/2009/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (UE) n.º 920/2010 e n.º 1193/2011 da Comisión, e de conformidade co artigo 81 do Regulamento delegado (UE) 2019/1122 da Comisión do 12 de marzo de 2019 que completa a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao funcionamento do Rexistro da Unión.

Artigo 2. *Cobramento.*

A entidade encargada da xestión da administración nacional da área española do Rexistro da Unión procederá ao cobramento dos importes que resulten da aplicación das tarifas a que se refire o artigo 1, nos prazos ou períodos sinalados no anexo desta orde ministerial.

Autorízase a entidade encargada da xestión da administración nacional da área española do Rexistro da Unión a exixir que o pagamento das cargas devindicadas se realice mediante domiciliación bancaria. Así mesmo, autorízase a citada entidade a solicitar aos titulares un número de conta corrente nunha entidade de crédito española para practicar as mencionados cargas.

Artigo 3. *Contas en que non se aplican tarifas.*

En ningún caso se aplicarán tarifas nas contas seguintes:

- a) As contas de haberes de titular de instalación ou de operador aéreo en estado excluído, pechado ou pendente de peche, aloxadas na área española do Rexistro da Unión.
- b) As contas de haberes de titular de instalación aloxadas na área española do Rexistro da Unión en estado aberto, que teñan revogada a autorización de emisións de gases de efecto invernadoiro, a partir do ano seguinte ao da súa data de revogación.
- c) As contas de haberes de titular de instalación aloxadas no Rexistro Quioto nacional.
- d) As contas dos verificadores.
- e) As contas cuxo titular sexa a Administración xeral do Estado.
- f) As contas cuxo titular sexan as administracións autonómicas.

Artigo 4. *Prestación de servizos adicionais.*

Autorízase a entidade encargada da xestión da administración nacional da área española do Rexistro da Unión a definir a prestación de servizos adicionais que excedan aqueles previstos na normativa comunitaria de rexistros e os previstos no exercicio das súas tarefas encargadas para a xestión, así como a exixir unha contraprestación económica razoable pola dita prestación.

Artigo 5. *Vixencia.*

As tarifas serán exixibles a partir do 1 de xaneiro de 2020, sen prexuízo da revisión periódica da súa contía que poida ter lugar.

Artigo 6. *Consecuencias da falta de pagamento das tarifas.*

En caso de falta de pagamento das tarifas nos prazos previstos no anexo, a entidade encargada da xestión da administración nacional da área española do Rexistro da Unión poderá solicitar á Oficina Española de Cambio Climático que ordene a suspensión do acceso e a disposición da conta por parte de todos os seus representantes autorizados e dos representantes autorizados adicionais, de conformidade co previsto no artigo 34.2.b) do Regulamento (UE) n.º 389/2013, da Comisión, do 2 de maio de 2013, e no artigo 30.2.b) do Regulamento delegado (UE) 2019/1122 da Comisión, do 12 de marzo de 2019.

Así mesmo, autorízase a citada entidade a reclamar do titular da conta, transcorridos dous meses desde a data de emisión das correspondentes facturas, se estas se encontran impagadas, unha contía calculada mediante a aplicación do tipo de xuro oficial do diñeiro á cantidade non pagada, considerando o número de días de impagamento, e poderá exixir un mínimo de trescentos euros. O anterior será de aplicación sen prexuízo das responsabilidades que proceda exixir aos titulares da conta e, en particular, das accións que, de acordo coa normativa existente, poida exercer o administrador da área española do Rexistro para o cobramento dos importes devindicados.

A falta de pagamento da tarifa por apertura da conta no prazo previsto suspenderá a súa efectiva apertura ata que se produza o pagamento.

Disposición adicional única. *Informes periódicos de aplicación do réxime tarifario.*

A entidade encargada da xestión da administración nacional da área española do Rexistro da Unión deberá presentar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica un informe sobre a aplicación do réxime tarifario cada tres anos e, polo menos, tres meses antes de que conclúa cada período de comercio do RCDE da UE.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio da aplicación das tarifas establecidas na Orde AAA/351/2013, do 27 de febreiro, sobre tarifas da área española do Rexistro da Unión Europea no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo.*

O disposto na Orde AAA/351/2013, do 27 de febreiro, incluído o seu anexo, seguirá sendo de aplicación para efectos das tarifas suxeitas a devindicación no ano 2019.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a esta orde ministerial.

En particular, queda derogada a Orde AAA/351/2013, do 27 de febreiro, sobre tarifas da área española do Rexistro da Unión Europea no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a partir do 1 de xaneiro de 2020.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución española en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de lexislación básica sobre protección do medio natural, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de xullo de 2019.–A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera Rodríguez.

ANEXO

Tarifas da área española do Rexistro da Unión segundo o tipo de conta que se exixirán a partir do 1 de xaneiro de 2020

Denominación do tipo de conta	Operación	Importe – Euros	Devindicación	Pagamento	
Contas na área española do Rexistro da Unión					
Conta de haberes de titular de instalación ou de operador aéreo	Apertura de conta	500	Coa apertura	Previo á apertura da conta	
	Mantemento de conta	Emisións verificadas * ≥ 25.000 tCO _{2(e)}	150	Anual ou período inferior no ano de apertura ou cancelación	Mes de outubro do ano de devindicación, salvo no ano de apertura, que se pagará xunto coa tarifa por apertura de conta * Para efectos da determinación das emisións verificadas, tomarase como referencia o volume de emisións verificadas correspondentes ao ano anterior ao período de devindicación, exceptuando o ano de apertura en que se aplicará a cantidade de 150 €
		Emisións verificadas * < 25.000 tCO _{2(e)}	100		
Emisións verificadas **	0,004 € por tonelada de CO ₂ inscrita na conta ata un máximo de 12.000 € por conta e ano	Coa inscrición	Mes de outubro do ano de devindicación. ** Non estarán suxeitas ao pagamento por este concepto todas aquelas instalacións e operadores aéreos cuxo volume de emisións verificadas correspondentes ao ano anterior ao período de devindicación sexan menores de 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono.		
Conta de haberes de persoa	Apertura de conta	700	Coa apertura	Previo á apertura da conta	
	Mantemento de conta	250	Anual ou período inferior no ano de apertura ou cancelación	Mes de outubro do ano de devindicación, salvo no ano de apertura, que se pagará xunto coa tarifa por apertura de conta	
Conta de comercio	Apertura de conta	700	Coa apertura	Previo á apertura da conta	
	Mantemento de conta	1.000	Anual ou período inferior no ano de apertura ou cancelación	Mes de outubro do ano seguinte ao de devindicación, salvo no ano de apertura, que se pagará xunto coa tarifa por apertura de conta	
Conta de plataforma externa	Apertura de conta	1.000	Coa apertura	Previo á apertura da conta	
	Mantemento de conta	1.000	Anual ou período inferior no ano de apertura ou cancelación	Mes de outubro do ano de devindicación, salvo no ano de apertura, que se pagará xunto coa tarifa por apertura de conta	
Conta de entrega mediante poxa	Apertura de conta	1.000	Coa apertura	Previo á apertura da conta	
	Mantemento de conta	1.000	Anual ou período inferior no ano de apertura ou cancelación	Mes de outubro do ano de devindicación, salvo no ano de apertura, que se pagará xunto coa tarifa por apertura de conta	
Contas no Rexistro Quioto nacional					
Conta de haberes de persoa no Rexistro Quioto nacional	Apertura de conta	700	Coa apertura	Previo á apertura da conta	
	Mantemento de conta	250	Anual ou período inferior no ano de apertura ou cancelación	Mes de outubro do ano de devindicación, salvo no ano de apertura, que se pagará xunto coa tarifa por apertura de conta	